

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria do 8 de agosto de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas nove horas e cinco minutos do día oito de agosto de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1290).- GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS E ESPECIAIS CORRESPONDENTES Ó MES DE XULLO DE 2008 Ó SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE. 18390/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 4 de agosto emitido polo técnico de organización, coa conformidade da xefa da Unidade de Persoal e máis do concelleiro delegado, visto o informe da intervención xeral de data 6 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de XULLO 2008, por un total de 30.907,41 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00 GRATIFICACIÓNS.

2(1291).- PAGOS POR DIETAS DE ASISTENCIA A CONSELLOS ESCOLARES. EXP-TE. 9697/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10 de xullo emitido polo técnico di I.M.E, coa conformidade do xefe do Servizo de Educación e da concelleira delegada da Área, co fiscalizado e conforme de Intervención con data 31.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aproba-la cantidade de 6.257,7.-€ (SEIS MIL DOUSCENTOS CINCOENTA E SETE CON SETE EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C, GRUPO B (15/01/08 – 20/05/08)	18 X 39,78.-€	716,04.-€
Zona 2.- PEDRO M ^a VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B (08/01/08 – 27/06/08)	35 X 39,78.-€	1392,30.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (28/01/08 – 26/06/08)	29 X 36,72.-€	1064,88.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (15/01/08 – 27/06/08)	21 X 36,72.-€	771,12.-€
Zona 5.- CARMEN SASTRE VÁZQUEZ, NIF: 36.049.832-T, GRUPO C (28/01/08 – 30/06/08)	20 X 36,72.-€	734,40.-€
Zona 6 .- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R, GRUPO D (15/01/08 – 27/06/08)	29 X 36,72.-€	1064,88.-€
Zona 7.- ROCIO BRUZON ALCANIZ, NIF: 36.058.643-W, GRUPO D (22/01/08 – 08/04/08)	14 X 36,72.-€	514,08.-€

3(1292).- CELEBRACIÓN DA “FESTA DO COMERCIO” NO BARRIO DAS TRAVESAS DENDE O DÍA 8 ATA O DÍA 13 DE SETEMBRO. EXPTE. 351/107.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 28 de xullo emitido polo Coordinador da Tenencia da Alcaldía co conforme do Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar a celebración “Festa do Comercio” no barrio de Travesas dende ó día 8 ata ó día 13 de setembro.

2º.- Autorizar a montaxe e desmontaxe deste evento nos días que duren as actividades.(segundo plano que se achega)

4(1293).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 27.419,48 € COMO CONSECUENCIA DO ALUGUER DO SISTEMA DE COMUNICACIÓNS TRUNKING. EXPTE. 33741 E 33742/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.12.08, e de acordo cos informse-proposta do xefe da Policía Local, do 29.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer a favor da mercantil TAELO S. COOP. con CIF F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 11.130,68 euros (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao periodo de abril a maio de 2008 segundo factura nº TR80073/08, aos efectos de evitar enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2º.- Recoñecer a favor da mercantil TAELO S. COOP. con CIF F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 16.288,80 euros (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao periodo de xaneiro a marzo de 2008 segundo factura nº TR80072/08, aos efectos de evitar enriquecemento inxusto do Concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

5(1294).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/113 E 14/1868.

Examinadas as actuacións dos expedientes, visto o informe proposta, do 4.08.08, co conforme da Concelleira Delegada da Área de Benestar Social da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

“Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

-CANDIDA ALONSO COSTAS.

-JOSE ANTONIO BREY SILVA.”

6(1295).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 3 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. EXPTE. 4783/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta informe-proposta asinado pola arquitecta municipal, o técnico de Admón. Xeral e o arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

O 29.07.02 o Pleno do Concello de Vigo acordou a aprobación definitiva da modificación puntual número 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (extpe 6527/411).

En data 28.07.04 por acordo plenario deuse aprobación definitiva o PERI IV-01 San Roque (expte. 8159/411) cuxo punto segundo da parte dispositiva dispuña o seguinte: “(...) Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...).”

O acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 5.08.04 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 25.08.04. Así mesmo, se deu traslado do mesmo á Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda (hoxe CPTOT) o 2.12.04.

Na tramitación do expediente 4628/401 se lle deu aprobación á Xunta de compensación do polígono tres do PERI IV 01 San Roque, formalizada en escritura pública ante o Notario de Vigo, don José Antonio Rodríguez González o 6.10.05 e número 3.077 do seu protocolo.

Don José Luis Ramírez López, na súa condición de Vicepresidente da Xunta de compensación, presenta o 31.10.07 escrito no que se solicita o seguinte: "(...) Que habiéndose por presentado este escrito, junto con los documentos que al mismo se acompañan, se admita a trámite y se tenga por presentado el Proyecto de Compensación del Polígono 3 del PERI IV 01 San Roque A, de Vigo que fue aprobado inicialmente por la Asamblea General de dicho polígono de 31-10-2007, visado por el COAG de fecha 23-10-2007, para que, previos los trámites pertinentes, sea aprobado definitivamente por el órgano competente de ese Excmo. Ayuntamiento de Vigo (...)".

A seguir se deu traslado ós titulares de dereitos comunicando a apertura dun trámite de audiencia e información pública. Así mesmo foi publicado no BOP de Pontevedra de 14.11.07 (número 220). Por outra parte, no BOP de Pontevedra de 12.12.07 se publicou o acordo mencionado en relación cos interesados no expediente que non foi posible a notificación persoal.

A Xunta de Goberno Local o 10.03.08 aprobou definitivamente o proxecto de compensación no seguinte sentido: "(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono 3 do "PERI IV 01 San Roque". Inadmitir a trámite o recurso de alzada presentado por dona María Jesús Rey Pernas (doc 70137492, data de presentación 5.12.07). Inadmitir o recurso de alzada e inadmisión da solicitude de suspensión do acordo de aprobación inicial do proxecto de equidistribución presentado por don Alejandro Blanco Fernández (doc 70139317, data 7.12.07). Desestimar a alegación presentada por dona María Jesús Rey Pernas (doc. 70014000) e don Alejandro Blanco Fernández (doc 70139324), estimar parcialmente (segundo o informado no punto 4 da resposta contido no informe-proposta) as alegacións presentadas por dona María Argentina Roque Bernárdez (doc 70138878, data de presentación 10.12.07). Corrixir o número de vivendas máximo das parcelas resultantes fixándoo da seguinte maneira: Parcela M3-P1A: 42 vivendas, Parcela M3-P1B: 7 vivendas e Parcela M3-P2: 20 vivendas. SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo –carácter patrimonial- as parcelas "M3-P1B". Así mesmo con carácter de ben de dominio público os terreos destinados a viais "M3-P3" e "M3-P4" e como espazos libres e zonas verdes de uso e dominio público a parcela "M3-P5" e "M3-P6" (...)".

O devandito acordo foi notificado ós interesados. Don Javier Conde Padín e don Alejandro Blanco Fernández (data de presentación 12.05.08, doc número 80059261) presentaron recurso de reposición ó acordo de aprobación definitiva do proxecto de compensación en representación de dona Josefa Villegas Fernández, dona Manuela Pérez Vázquez, dona Pilar, dona Eloísa, dona María del Mar, dona Marta Rivero Pérez e dona Leoncia Josefa García Acosta.

Unha vez dado traslado ó recurso á Xunta de Compensación, presentan alegacións o 19.06.08 (doc 80078177).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

1.- Admisibilidade do recurso de reposición.- A interposición do recurso de reposición se realiza perante o acto administrativo dictado pola Xunta de goberno local (sesión de 10.03.08) de aprobación do proxecto de compensación do "polígono 3 do PERI IV 01 San Roque" (expte. 4783/401). O único recurso (doc 80059261) se presentan en prazo e forma o abeiro do disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común. Polo tanto, debe ser admitido a trámite.

2.- Análise individualizada das cuestións planteadas no recurso de reposición interposto.- A continuación se da contestación ás cuestións tratadas no recurso de reposición:

- Oposición á valoración en reposición das vivendas a derrubar por ser incompatibles co planeamento.- Alégase no recurso a súa oposición á utilización do módulo colexial como base para a estimación do coste de construción. Alégase que o obxecto da normativa colexial non é a determinación dos costes reais do mercado, esto non é certo xa que no mesmo "Manual para a estimación de presupostos" do COAG díse: "(...) El procedimiento de evaluación aproximada expuesto en este manual permite deter-

minar un coste de obra, de carácter orientativo, que se recomienda utilizar como ayuda o referencia para la fijación del presupuesto de ejecución material del proyecto (PEM). Este valor cubre las exigencias legales y deontológicas de congruencia, veracidad, responsabilidad civil profesional y credibilidad del trabajo de arquitectura (...). Por outra parte menciónase o seguinte:“(...) Establece un precio en pesetas o en euros por cada m2 de edificación en función de los datos conocidos tanto de carácter oficial Precio Básico Nacional, Módulos Ponderados, índices de precios al consumo y del coste de la vivienda, actualizaciones catastrales, cuadros de precios oficiales de organismos públicos (IGVS), licitaciones y adjudicaciones de obras oficiales, como de carácter general provenientes del mercado de la construcción y del mercado inmobiliario. Su valor será fijado y actualizado periódicamente por acuerdo de Junta de Gobierno (...)”.O estudio citado no recurso de “Dyrecto Consultores” non é un estudio encargado polo Ministerio da Vivenda, é dunha empresa privada (Dyrecto Consultores) que realizou un estudio, máis ou menos fiable, del que temos poucos datos, como criterios, métodos, conceptos que engloban as medias, etc. Cita como fontes fiables de información “(...) del sector de la construcción, colegios de arquitectos (...)” e chega a un coste medio de obra sen definir a qué se refire. O módulo do colexio refírese á execución material da obra, ao que se van engadindo outros conceptos como poden ser beneficio industrial do contratista, gastos xerais, honorarios, etc. Parece máis axeitado a utilización dos módulos colexiais, que é o único organismo oficial que publica uns módulos de construcción.

No que respecta ás obras de urbanización que se enumeran é certo que non se analizaron unha a unha, igual que nas vivendas non se calculou o prezo analizando partida por partida os elementos constructivos, senón cun prezo por metro cadrado. No caso da urbanización fíxose o mesmo, calculouse cun prezo medio, tendo en conta os elementos existentes e multiplicouse polos metros cadrados das fincas. En total as obras de urbanización das parcelas 7a-b-c-d, 8a-b-c-d, 9a-b-c-d, e 10, estímase que en total ascenden a 38.507,13€ (coa parte correspondente as superficies abertas xa depreciada, as de urbanización non se lles aplicou a depreciación). Cada propietario ten asignada a parte que lle corresponde pola súa parte da propiedade da parcela na que se atopa a vivenda. Tamén como copropietario da parcela 10 ten dereito a unha parte do valor correspondente á urbanización da parcela 10, según su cota de participación na propiedade.

- Oposición á aportación de gastos e cargas de urbanización.- Neste apartado o alegante mostra a súa disconformidade coas determinacións do proxecto de compensación en relación co IVE. En concreto conclúese no recurso que unha parte dos gastos de urbanización non pode ser tido en conta como base imponible para os efectos da aplicación do IVE. Por outra parte, a Xunta de Compensación incorpora referencia dunha Consulta da Dirección Xeral de Tributos de 5.07.07. En primeiro lugar, o contido do proxecto de equidistribución en relación cos gastos de urbanización, teñen o carácter de meras previsións. Compártese coa Xunta de Compensación que é necesario diferenciar as indemnizacións a aboar ós titulares de dereitos susceptible de ser resarcidos e os gastos de urbanización que deberán ser obxecto de reparto entre os membros da Xunta de Compensación. Son dos operacións diferenciadas, pese a que deben ser contidas no proxecto de compensación como previsión no devandito instrumento. Pese a que semella con maior fundamento a postura da Xunta de Compensación, esta Administración municipal non ten competencia en materia de tributación de IVE, polo tanto, naquel caso que existan dúbidas sobre a aplicación efectiva do IVE ó sistema de compensación, deberán dirixirse á Administración correspondente e formular cantas consultas ou preguntas resulten necesarias.

- Inxusta equidistribución de aproveitamentos en fincas de resultado, o non ser considerada como privativas e inherentes ás vivendas nas fincas aportadas os xardíns, considerandoas como zonas comúnes.- No recurso maniféstase a disconformidade coa distribución de superficies iniciais que o Proxecto de Compensación fai da parcela inicial nº 10, que en realidade se trata dun único complexo inmobiliario en réxime de división horizontal tal como se describe no punto XVII da certificación rexistral do Rexistro da Propiedade nº 1, que figura no Proxecto de Compensación. Este inmovible consta de 10 vivendas coas súas escaleiras, terrazas, xardíns, patios, e elementos comúns. Describe claramente a escritura que o solar é un elemento común, e que cada vivenda, en relación cos elementos comúns “(...) representará una décima parte (...)”. Igualmente “(..) cada vivenda que constituyen los edificios independientes, representa en los tipos a) una cuarta parte do edificio y en el edificio tipo b) una mitad de las cosas comunes entre sí (...)”. Como os dereitos de aproveitamento son proporcionais ao solo aportado, o criterio seguido no Proxecto de Compensación foi dividir as partes comúns entre 10, e no

que se refire ás parcelas das edificacións dividir por catro nas edificacións tipo a) (parcelas 7 e 8), e por dous nas tipo b; (parcelas 8), que é o correcto. Os alegantes pretenden considerar os patios e xardíns privativos de algunhas das vivendas e sumárselo a determinadas parcelas e a outras non, o que é, tal e como se expón anteriormente, incorrecto.

- En relación cos dereitos de realoxamento.- O recurso de reposición plantexa a necesidade de que se lle recoñeza o dereito de realoxamento a certas persoas que dín residir dentro do ámbito do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque. O Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, derogou por completo a disposición adicional cuarta do Real decreto lexislativo 1/1992, de 26 de xuño. Tra-la Sentencia do Tribunal Consitucional 61/1997, unicamente se facía mención á necesidade de que a Administración ten a obriga de garantir o realoxamento dos ocupantes legais cando actuara por expropiación. Ata a aprobación e entrada en vigor da Lei 8/2007, de 28 de maio, de solo, non existía norma (estatal e autonómica) que recoñecera o dereito subxectivo de ser realoxado cando o sistema e xestión fora o de compensación, cooperación ou concerto. Na actualidade, a letra e do apartado primeiro do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, establece como un deber máis das promocións de actuacións de transformación urbanística, o seguinte: "(...) Garantizar el realojamiento de los ocupantes legales que se precise desalojar de inmuebles situados dentro del área de actuación y que constituyan su residencia habitual (...)". Resulta evidente que nas actuacións de urbanización como a que se está a tramitar para o polígono 3, o dereito de realoxamento debe ser garantido polos promotores da actuación. Non se comparte a alegación realizada pola Xunta de Compensación pola que entende que a obriga é do Concello o de garantir o realoxamento. A previsión do PERI IV 01 San Roque en relación co 10% de atribución obrigatoria ó Concello, debe entenderse no sentido de que o mesmo procurará coadyuvar a realización efectiva do dereito de realoxamento. Unha das posibles medidas a adoptar, sería a posibilidade de destinar a parcela de resultado atribuída ó Concello no proxecto de compensación, á construción dunha edificación destinada a vivenda protexida. Nesta promoción, sería posible que as persas que tiveran dereito a ser realoxadas, puideran ser beneficiarios dunha vivenda de protección. En ningún caso a previsión do planeamento de desenvolvemento pode entenderse como unha asunción voluntaria dunha carga que lle corresponde á totalidade dos propietarios da actuación de urbanización integrados na Xunta de Compensación. Por todo elo, resulta procedente a apertura dun procedemento de investigación y comprobación tendente a constar fehacientemente as persoas que teñen dereito a realoxamento.

3.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- O abeiro do disposto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, é competente para resolver o mesmo órgano que dictou o acto que se recorre. Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), o artigo 116 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, a competencia para a resolución do recurso de reposición, está atribuída á Xunta de Goaberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por don Alejandro Blanco Fernández (e.r. de dona Josefa Villegas Fernández, dona Manuela Pérez Vázquez, dona Pilar, dona Eloísa, dona María del Mar, dona Marta Rivero Pérez e dona Leoncia Josefa García Acosta) e don Javier Conde Pardín (doc 80059261) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.03.08 de aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque. Non obstante, á vista do contido do recurso e, sendo posible que existan persoas que teñan dereito o realoxamento, incoar expediente tendente a determinar se existen ocupantes legais e o alcance do dereito ó realoxamento.

SEGUNDO.- Comunicar a presente resolución ós interesados, informando que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1296).- INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2007). EXPTE. 1185/428.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da arquitecta xefe da ITE, de data 31.07.08, co conforme do Delegado de Urbanismo e Vivenda da mesma data, que se transcribe a continuación:

«INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2007)»

I. ANTECEDENTES

I.1. A Resolución de delegacións da Alcaldía do 05.07.2007, no seu punto primeiro, apartado IV, letra b), número 7, encomendou ao titular da Área de Urbanismo e Vivenda, entre outras, a seguinte atribución: "Efectuar, en coordinación coa Xerencia Municipal de Urbanismo, o seguimento e control da normativa municipal referida á Inspección Técnica de Edificacións, elevando cada ano un informe ao Consello da Xerencia de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local do grao de cumprimento do previsto na Ordenanza".

I.2. A Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo foi aprobada definitivamente en sesión plenaria do 01.04.2005 (BOP nº 93, do 16.05.2005) e entrou en vigor o 01.01.2006 (Disposición final segunda), afectando, no período considerado (2006-2007), aos propietarios das edificacións construídas ata 1919 e entre 1920 e 1939 (Disposición transitoria única).

I.3. A Oficina do Servizo da ITE constituíuse formalmente a finais do 2005, inicialmente só cunha arquitecta-xefe do Servizo, incorporándose posteriormente unha auxiliar administrativa, un inspector e unha técnica de Admón. Xeral (interina).

I.4. En cumprimento do ordenado naquela Resolución, e a partir da información recabada durante este tempo, no que se presentaron arredor de 5.000 informes de ITE, procedeuse por este Servizo a elaborar o primeiro «INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2007)», co que se pretende plasmar e dar a coñecer o grao de execución desta norma municipal e que, no sucesivo, terá carácter anual.

II. INFORME ITE (2006-2007): PRINCIPAIS CONTIDOS

II.1. O informe sobre o grao de cumprimento da Ordenanza da ITE, pechado a 21 de xullo de 2008, estruturábase en catro grandes apartados: en primeiro lugar, realízase unha breve explicación sobre a propia ITE, lembrando o seu fundamento legal (Art. 200 LOUGA) e a obriga que se impón aos propietarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, de encargar a un facultativo competente a realización da inspección periódica das súas edificacións (vivendas, oficinas, naves...) para determinar o estado de conservación en función da súa antigüidade.

II.2. En segundo lugar, realízase unha análise pormenorizada do grao de cumprimento da Ordenanza nos dous primeiros anos de implantación (2006-2007), nos que se acadaron, sobre todo no primeiro ano, unhas porcentaxes de execución comparativamente superiores ás rexistradas noutros concellos de Galicia e do resto de España (Madrid, Cádiz, Sevilla, Zaragoza ou A Coruña). Saliéntase tamén que máis dun 80% das ITES presentadas foron favorables, o que denota, en termos xerais, un estado de conservación das edificacións en Vigo moi aceptable.

II.3. O terceiro apartado céntrase na aprobación, en febreiro deste ano, da «Ordenanza reguladora das bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para a realización da inspección técnica de edificacións» (BOP nº 104, do 30.05.2008; DOG nº 121, do 24.06.2008), así como na publicación das bases e a convocatoria para acceder ás subvencións previstas, que rematará o vindeiro 25.09.2008.

Deuse así cumprimento á previsión contida na Disposición adicional terceira da Ordenanza, onde se contemplaba que o Concello podería establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de

subvencións do que resultarían beneficiarios os propietarios que acreditasen fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo das inspeccións técnicas.

II.4. Finalmente, dáse conta tamén no «INFORME...» dos diversos traballos administrativos, informáticos, de divulgación, de colaboración, de fomento e inspección realizados desde finais do mes de outubro de 2005 polo Servizo da ITE para lograr a efectiva implementación da Ordenanza.

III. PROPOSTA DE TRAMITACIÓN

Conforme co indicado na precitada Resolución de delegacións da Alcaldía do 05.07.2007, propónse ao Delegado de Urbanismo e Vivenda, elevar o «INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2007)» ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento. “

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.